



Concello da Pobra do Caramiñal



TRAIL SERRA DO BARBANZA. **VIII CARREIRA DE MONTAÑA “CONCELLO DA POBRA DO** **CARAMIÑAL”**

CAMPIONATO DE GALICIA DE TRAIL 2021

O Concello de A Pobra do Caramiñal, a Asociación de Deportes e Atletismo do Barbanza e a Federación Galega de Atletismo, organizarán o domingo 30 de maio de 2021 o **Trail Serra do Barbanza, VIII Carreira de Montaña Concello da Pobra do Caramiñal** que será a súa vez **CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO E DAS CATEGORÍAS SUB 20, SUB 23 e MASTER DE TRAIL 2021.**

A proba entra dentro da especialidade atlética do Trail-Running e estará baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

SEGUIRASE O PROTOCOLO FISIO - COVID-19 VIXENTE NO MOMENTO DA CELEBRACIÓN DA PROBA DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

A proba rexerese polo seguinte:

REGULAMENTO

Artigo 1. HORARIOS, LUGAR DE SAÍDA e META

O Trail **Serra do Barbanza** terá os seguintes horarios e lugares de saída:

| HORA | PROBA | DISTANCIA | SAIDA | META |
|---------|--------------------------------|------------------|---------------------|---------------------|
| 10:30 h | TRAIL | 24,870 km aprox. | Mirador da Curotiña | Mirador da Curotiña |
| 10:30 h | CAMPIONATO DE GALICIA DE TRAIL | 24,870 km aprox. | Mirador da Curotiña | Mirador da Curotiña |

Ubicación do lugar de SAÍDA da proba: <https://goo.gl/maps/pRa57qi4eJ12> .

As saídas realizaranse de 2 en 2 personas en intervalos de 20". Isto poderá cambiar dependendo das medidas Covid-19 vixentes no momento da proba (ver protocolo da proba).

Os participantes terán que presentarse no lugar de saída coa suficiente antelación para recoller os dorsais de competición e pasar a correspondente **CÁMARA DE CHAMADAS** (só participantes no Campionato de Galicia de TRAIL).

O CAMPIONATO DE GALICIA CELEBRARASE NA DISTANCIA DE TRAIL DE 24,870 KM APROX.

Artigo 2. CATEGORÍAS e IDADE MÍNIMA DE PARTICIPACIÓN

CATEGORÍAS INDIVIDUAIS PARA A MODALIDADE DE TRAIL POPULAR

| CATEGORIA | DATAS DE NACEMENTO |
|---------------------|-------------------------------------------------|
| SENIOR MASC/FMNO | De 18 anos cumpridos o día da proba ate 34 anos |
| MASTER 1 MASC/ FMNO | De 35 a 40 anos |
| MASTER 2 MASC/ FMNO | De 41 a 50 anos |
| MASTER 3 MASC/ FMNO | Dende 51 anos en adiante |
| ABSOLUTA MASC/FMNO | Calquera das categorías anteriores |

AS CATEGORÍAS DO CAMPIONATO DE GALICIA DE TRAIL SERÁN AS OFICIALMENTE ESTABLECIDAS NA CIRCULAR DO CAMPIONATO PUBLICADA NA WEB -> <https://atletismo.gal/circulares/>

OS ATLETAS FEDERADOS QUE DESEXEN PARTICIPAR NA PREMIACIÓN DO TRAIL POPULAR DEBERÁN, ADEMAIS DE REALIZAR A INSCRICIÓN NO CAMPIONATO DE GALICIA NA WEB <https://isis.rfea.es/sirfea2/> , DEBERÁN INSCRIBIRSE NA PROBA POPULAR ABOANDO A COTA DE INSCRICIÓN A TRAVÉS DA PÁXINA www.carreirasgalegas.com.

Artigo 3. PARTICIPACIÓN E SEGURO/LICENZA DE DÍA

Nesta proba poderá participar calquer deportista sexa ou non federado. Todos os participantes inscritos no prazo preciso correrán cunha licenza de día de Trail Running que incluírá un seguro de accidentes deportivos e de responsabilidade civil. As probas estarán federadas no deporte de atletismo na especialidade de **TRAIL RUNNING**, polo cal os deportistas federados polo deporte do atletismo estarán cubertos polo seguro da súa correspondente licencia. Para o resto de participantes subscribírase un seguro licenza de día de Trail running.

Artigo 4. DISTANCIA E DESNIVEL

TRAIL:

- **DISTANCIA:** 24,870 km aprox.
- **DESNIVEL POSITIVO:** 1100 m aprox.
- **DESNIVEL ACUMULADO:** 2135 m aprox.

Artigo 5. INSCRICIÓN. LIMITACIÓN. PREZO E PRAZOS

Ofertaranse un total de 300 prazas na proba por rigorosa orde de inscrición. Nun principio ofertaranse 200 prazas para atletas federados participantes no Campionato de Galicia e 100 prazas para atletas populares NON FEDERADOS con licencia en vigor pola federación Galega de Atletismo. Os atletas federados que se inscriban na proba popular non computarán a efectos das 100 prazas populares.

ESTAS CIFRAS PODERÁN VARIAR EN FUNCIÓN DO PROTOCOLO COVID-19 QUE SE APLICARÁ NO MOMENTO DA CELEBRACIÓN DA PROBA.

- **APERTURA DE INSCRICIONS:** venres 7 de maio ás 11.00 h
- **PECHE DE INSCRICIONS:** mércores 26 de maio ás 23.59 h
- **PREZOS DA INSCRICION:** **10 € TRAIL POPULAR**

**PARA OS PARTICIPANTES NO CAMPIONATO DE GALICIA DE TRAIL 2021 APLICARANSE AS
TARIFAS PUBLICADAS NA CIRCULAR DO CAMPIONATO E PECHARASE O PRAZO DE
INSCRICIÓN O MARTES 25 DE MAIO ÁS 20.00 HORAS**

Artigo 6. RECOLLIDA DE DORSAIS

Os dorsais tanto para o Trail Popular como para o Campionato de Galicia poderán recollese a partir das 09.00 horas no lugar de SAIDA das probas. Deberá manterse a distancia de seguridade en todo intre e levar a máscara posta.

Artigo 7. PREMIOS e AGASALLOS

Estableceranse ademais os seguintes premios e agasallos para o TRAIL POPULAR:

- Premios aos 3 primeiros/as clasificados de cada categoría establecida no presente regulamento para o TRAIL POPULAR.
- Premios aos 3 primeiros clubs da clasificación do **TRAIL POPULAR**.
- **AGASALLO TÉCNICO** para todos os participantes (poderán recollelo xunto o dorsal de competición antes da saída das probas).

Premios e agasallos para o CAMPIONATO DE GALICIA DE TRAIL:

- Medallas no Campionato de Galicia segundo Circular (<https://atletismo.gal/circulares/>).

A entrega de premios realizarase a partir das 13:30 horas no lugar de Saída / Meta das Probas

- **PREMIOS ESPECIAIS A CLUBES NA DISTANCIA DE TRAIL:** Darase trofeo aos 3 primeiros equipos tanto federados como populares (deberán inscribirse coa mesma denominación e igual indumentaria) da clasificación do Trail.

Para elo tomarase como referencia os 6 primeiros clasificados/as de cada equipo, a suma dos seus postos (no caso de empate tomarase como referencia o 6º/ª mellor clasificado/a do equipo. Na confección deses 6 primeiros/as clasificados/as deberán puntuar obrigatoriamente 2 mulleres como mínimo, sendo os equipos MIXTOS.

OS ATLETAS QUE PARTICIPEN NO CAMPIONATO DE GALICIA NON PODERÁN OPTAR A NINGÚN TIPO DE PREMIO, NIN SUMAR POSTOS PARA A CLASIFICACIÓN DOS SEUS EQUIPOS DO TRAIL POPULAR SE NON FAN O ABONO DA COTA DE INSCRICIÓN.

Artigo 8. TRACK DAS RUTAS:

- **TRAIL:** PROXIMAMENTE

Artigo 9. SERVIZO DE DUCHAS e UBICACIÓN DAS INSTALACIÓNS

A espera do protocolo Covid-19 vixente no momento da inscrición e no caso de permitirse, porase a disposición dos participantes un servizo de duchas instalación do Concello da Pobra do Caramiñal, polideportivo de A Tomada.

Aquí tendes o Link coa ubicación da instalación:

<https://goo.gl/maps/whYEbue58u92>

Coa actual normativa NON se poderán utilizar as duchas.

Artigo 10. MATERIAL OBRIGATORIO

Será OBRIGATORIO levar o seguinte material:

- **TELÉFONO MÓVIL CON BATERÍA CARGADA**
- **MOCHILA DE HIDRATACIÓN OU RECIPIENTE PROPIO**

ANTES DA SAÍDA DA PROBA OS XUICES COMPROBARÁN ESTE MATERIAL, SEN O CAL NON PODERÁN PARTICIPAR NA PROBA

Artigo 11. AVITUALLAMENTOS

Habrá 2 puntos de avituallamento. Os atletas deberán avituallarse eles mesmos e desinfectar previamente as mans en dito punto (ver protocolo da proba). **Será OBRIGATORIO levar recipiente de avituallamento persoal ou mochila de hidratación:**

- | | | | |
|---|------------------------------------|------------------|--------------|
| - | <u>AVITUALLAMENTO 1:</u> | LÍQUIDO | KM 8 APROX. |
| - | <u>AVITUALLAMENTO 2:</u> | LÍQUIDO e SÓLIDO | KM 16 APROX. |
| - | <u>AVITUALLAMENTO META:</u> | LÍQUIDO E SÓLIDO | META. |

Artigo 11. CONSIDERACIÓN FINAL

Esta proba pertence ao calendario oficial de probas da Federación Galega de Atletismo. As reclamación aos resultados oficiais realizaranse ao Xuíz Árbitro da Competición non máis tarde de 30' despois da publicación dos mesmos.

Todo o non recollido no presente regulamento rexerase polas normas da FGA, RFEA e IAAF para probas de Trail Running.

RESPONSABILIDADE

A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse os participantes por imprudencias ou negligencias destes. Igualmente, o participante declara, baixo a súa responsabilidade, terse realizado o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización da devandita responsabilidade. A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

LOPD

Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet oficiais.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de Trail running. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.